

COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE DEREITO ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 8 DE XUÑO DE 2017

Acórdase por asentimento¹:

1. Aprobar a acta da reunión ordinaria do día 22 de febreiro de 2017.
2. Delegar no Sr. Vicedecano de Planificación e Calidade a execución da actualización correspondente ao Plan Operativo de Información Pública.
3. Validar os programas e datas de celebración do Curso Cero, do Curso 3,5 e da Xornada de acollida do Mestrado universitario en avogacía para o curso académico 2017-2018.
4. Validar o documento de alegacións ao informe provisional da ACSUG no proceso de renovación da acreditación do Grao en Dereito para a súa elevación á Xunta de Facultade.
5. Validar os resultados de aprendizaxe correspondentes ás fichas das materias presentes na memoria do Grao en Dereito, agás os de Dereito romano e Fundamentos de contabilidade e finanzas.
6. Delegar na Coordinadora do Grao en Dereito a validación da modificación dos resultados de aprendizaxe nas fichas correspondentes ás materias de Dereito romano e Fundamentos de contabilidade e Finanzas.
7. Validar o texto da enquisa de satisfacción de persoas tituladas propias do centro.
8. Enviar un escrito á Área de Calidade, coa finalidade de mellorar a participación dos distintos colectivos nas enquisas de satisfacción.
9. Enviar un escrito á Área de Calidade sobre as accións de mellora en relación coas enquisas de avaliación docente.

Ourense, 8 de xuño de 2017

Decanato
Facultade de Dereito
Universidade de Vigo

Concepción Martínez Martínez
Secretaría da Facultade de Dereito

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión de Calidade da Facultade de Dereito de Ourense, celebrada o día 8 de xuño de 2017, se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios e na web da Facultade o día 9 de xuño de 2017.


Concepción Martínez Martínez
Secretaría da Facultade de Dereito

¹Toda a documentación pode consultarse na Secretaría do Decanato.